

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 22 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
en funcións,
MARIANO RAJOY BREY

5852 *LEI ORGÁNICA 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.* («BOE» 73, do 26-3-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O dereito fundamental de asociación, recoñecido no artigo 22 da Constitución, e de antiga tradición no noso constitucionalismo, constitúe un fenómeno sociolóxico e político, como tendencia natural das persoas e como instrumento de participación, respecto ó cal os poderes públicos non poden permanecer á marxe.

A nosa Constitución non é allea a estas ideas e, partindo do principio de liberdade asociativa, contén normas relativas a asociacións de relevancia constitucional, como os partidos políticos (artigo 6), os sindicatos (artigos 7 e 28), as confesións relixiosas (artigo 16), as asociacións de consumidores e usuarios (artigo 51) e as organizacións profesionais (artigo 52), e dunha forma xeral define, no seu artigo 22, os principios comúns a tódalas asociacións, eliminando o sistema de control preventivo, contido na Lei 191/1964, do 24 de decembro, de asociacións, e posibilitando o seu exercicio.

Consecuentemente, a necesidade ineludible de abordar o desenvolvemento do artigo 22 da Constitución, mediante lei orgánica ó tratarse do exercicio dun dereito fundamental (artigo 81), implica que o réxime xeral do dereito de asociación sexa compatible coas modalidades específicas reguladas en leis especiais e nas normas que as desenvolvan, para os partidos políticos, os sindicatos, as asociacións empresariais, as confesións relixiosas, as asociacións deportivas, e as asociacións profesionais de xuíces, maxistrados e fiscais. Con este obxectivo establécese un réxime mínimo e común, que é, ademais, o réxime ó que se axustarán as asociacións non recollidas na lexislación especial.

Optouse por incluír en único texto normativo a regulación íntegra e global de todos estes aspectos relacionados co dereito de asociación ou co seu libre exercicio, fronte á posibilidade de distinguir, en respectivos textos legais, os aspectos que constitúen o núcleo esencial do contido deste dereito —e, por tanto, regulables mediante lei orgánica— daqueles outros que, por non teren ese carácter, non requiren tal instrumento normativo.

Esa división resultaría dificilmente viable polas seguintes razóns: en primeiro lugar, no texto actual entrelázanse, ás veces como diferentes puntos dun mesmo artigo, preceptos de natureza orgánica e ordinaria, polo cal

a súa separación tería conducido a unha perda de calidade técnica da norma e a unha maior dificultade na súa comprensión, aplicación e interpretación; e segundo, agrupando nun único texto —sempre diferenciando en función da natureza orgánica ou non— o código básico que regula o dereito de asociación, favorécese o seu coñecemento e manexo por parte dos cidadáns, que teñen unha percepción do dereito de asociación basicamente unitaria en canto á súa normativa reguladora, polo menos no ámbito estatal.

É innegable, tamén, e así o recorda o Comité Económico e Social da Unión Europea no seu Dictame do 28 de xaneiro de 1998, a importancia que teñen as asociacións para a conservación da democracia. As asociacións permitenlles ós individuos recoñecerse nas súas conviccións, perseguir activamente os seus ideais, cumprir tarefas útiles, encontra-lo seu posto na sociedade, facerse oír, exercer algunha influencia e provocar cambios. Ó organizárense, os cidadáns dótanse de medios máis eficaces para lles facer chega-la súa opinión sobre os diferentes problemas da sociedade ós que toman as decisións políticas. Fortalece-las estruturas democráticas na sociedade reverte no fortalecemento de tódalas institucións democráticas e contribúe á preservación da diversidade cultural.

Neste sentido, o lexislador debe ser especialmente consciente, ó regula-lo dereito de asociación, do mandato contido no artigo 9.2 da Constitución, que deriva directamente da configuración do noso Estado como social e democrático de dereito. É neste marco lexislativo onde a tarefa asignada ós poderes públicos de facilita-la participación dos cidadáns en tódolos ámbitos sociais está chamada a encontra-la súa principal expresión. Esta filosofía impregna toda a norma, xa que un dos instrumentos decisivos para que a participación sexa real e efectiva é a existencia dun asociacionismo vigoroso. Isto debe facerse compatible co respecto á liberdade asociativa e coa non inxerencia no seu funcionamento interno, para que baixo o pretexto do fomento non se amparen formas de intervencionismo contrarias á nosa norma suprema.

II

Esta lei orgánica, seguindo a nosa tradición xurídica, limita o seu ámbito ás asociacións sen fin de lucro, o que permite deixar fóra do seu ámbito de aplicación as sociedades civís, mercantís, industriais e laborais, as cooperativas e mutualidades, e as comunidades de bens ou de propietarios, con finalidades e natureza que non responden á esencia comunmente aceptada das asociacións, sen prexuízo de recoñecer que o artigo 22 da Constitución pode proxectar, tanxencialmente, o seu ámbito protector cando neste tipo de entidades se recollan dereitos que non teñan carácter patrimonial.

Tampouco poden incluírse as corporacións chamadas a exercer, por mandato legal, determinadas funcións públicas, cando as desenvolven.

Por outro lado, a ilicitude penal das asociacións, a definición das cales corresponde á lexislación penal, constitúe o límite infranqueable de protección do dereito de asociación.

III

O dereito de asociación proxecta a súa protección desde unha dobre perspectiva; por un lado, como dereito das persoas no ámbito da vida social e, por outro lado, como capacidade das propias asociacións para o seu funcionamento.

A lei, ó longo do seu articulado e sistematicamente situadas, expresamente desenvolve as dúas facetas.

En canto á primeira, aparecen os aspectos positivos, como a liberdade e a voluntariedade na constitución das asociacións, paralelamente á consideración da titularidade do dereito a constituír asociacións, sen prexuízo das condicións que para o seu exercicio establece a lexislación vixente, e os dereitos inherentes á condición de asociado; e os negativos, que implican que ninguén poida ser obrigado a ingresar nunha asociación ou a permanecer no seu seo.

A segunda recolle a capacidade das asociacións para se inscribiren no rexistro correspondente; para estableceren a súa propia organización no marco da lei; para realizaren actividades dirixidas ó cumprimento dos seus fins no marco da lexislación sectorial específica; e, finalmente, para non sufriren ningunha interferencia das administracións, como tan rotundamente plasma o número 4 do artigo 22 da Constitución, salvo a que puidese vir determinada pola concorrencia doutros valores, dereitos ou liberdades constitucionais que deban ser obxecto de protección ó mesmo tempo e nivel que o dereito de asociación.

IV

A crecente importancia que as asociacións teñen no tráfico xurídico aconsella, como garantía de quen entre nese tráfico, que a lei tome como punto de referencia —en relación co seu réxime de responsabilidade— o momento en que se produce a inscrición no rexistro correspondente.

Esta mesma garantía fai necesaria a regulación de extremos importantes no tráfico xurídico, como son o contido da acta fundacional e dos estatutos, a modificación, disolución e liquidación das asociacións, as súas obrigas documentais e contables, e a publicidade da identidade dos membros dos órganos de dirección e administración.

A consecuencia da inscrición no rexistro será a separación entre o patrimonio da asociación e o patrimonio dos asociados, sen prexuízo da existencia, e posibilidade de esixencia, da responsabilidade daqueles que, cos seus actos ou omisións, lles causen á asociación ou a terceiros danos ou perdas.

V

Do contido do artigo 22.3 da Constitución deriva que a Administración carece, ó xestionar os rexistros, de facultades que puidesen entrañar un control material de legalización ou recoñecemento.

Por iso, regúlase o procedemento de inscrición nos límites constitucionais mencionados, establecéndose a inscrición por silencio positivo en coherencia co feito de tratarse do exercicio dun dereito fundamental.

VI

Esta lei recoñece a importancia do fenómeno asociativo, como instrumento de integración na sociedade e de participación nos asuntos públicos, ante o que os poderes públicos deben manter un coidadoso equilibrio, dun lado como garantía da liberdade asociativa, e doutro como protección dos dereitos e das liberdades fundamentais que puidesen encontrarse afectados no exercicio daquela.

Resulta patente que as asociacións desempeñan un papel fundamental nos diversos ámbitos da actividade social, contribuíndo a un exercicio activo da cidadanía e á consolidación dunha democracia avanzada, representando os intereses dos cidadáns ante os poderes públicos e desenvolvendo unha función esencial e imprescindible, entre outras, nas políticas de desenvol-

vemento, ambiente, promoción dos dereitos humanos, xuventude, saúde pública, cultura, creación de emprego e outras de similar natureza, para o cal a lei considera o outorgamento de axudas e subvencións por parte das diferentes administracións públicas conforme o marco legal e regulamentario de carácter xeral que as prevé, e o específico que nesa materia se regule legalmente no futuro.

Por isto, inclúese un capítulo dedicado ó fomento que incorpora, con modificacións adxectivas, o réxime das asociacións de utilidade pública, recentemente actualizado, como instrumento dinamizador da realización de actividades de interese xeral, o que redundará decisivamente en beneficio da colectividade.

Non se pode esquecer, neste aspecto, o importante papel dos voluntarios, polo que a Administración deberá ter en conta a existencia e actividade dos voluntarios nas súas respectivas asociacións, nos termos establecidos na Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado.

VII

No capítulo VII recóllense as garantías xurisdiccionais, sen as cales o exercicio do dereito de asociación podería converterse nunha simple declaración de principios.

A aplicación dos procedementos especiais para a protección dos dereitos fundamentais da persoa, correspondentes en cada orde xurisdiccional, non ofrece ningunha dúbida en todos aqueles aspectos que constitúen o contido fundamental do dereito de asociación.

Así mesmo, o número 4 do artigo 22 da Constitución é obxecto de desenvolvemento, establecéndose as causas de suspensión e disolución xudicial das asociacións; e, en canto á tutela, en procedemento ordinario, das ordes xurisdiccionais contencioso-administrativa e civil, a lei non modifica, en esencia, a situación preexistente, remitíndose en canto á competencia xurisdiccional á Lei orgánica do poder xudicial.

VIII

Outra das novidades salientables da lei é a posibilidade de creación dos consellos sectoriais de asociacións como órganos de colaboración e asesoramento, dos que forman parte representantes das administracións e das asociacións, como marco de actuación común nos distintos sectores asociativos, dada a súa ampla diversidade, e que sirva de canle de interlocución, para que o papel e a evolución das asociacións respondan ás necesidades actuais e futuras.

É necesario que as asociacións colaboren non só coas administracións, senón tamén coa industria e o comercio, coas organizacións empresariais e coas organizacións sindicais; colaboración edificada sobre unha relación de confianza mutua e de intercambio de experiencias, sobre todo en temas tales como o ambiente, a cultura, a educación, a sanidade, a protección social, a loita contra o desemprego, e promoción de dereitos humanos. Coa creación dos consellos sectoriais de asociacións, preténdese canalizar e alentar esta colaboración.

IX

Esta lei, en virtude do disposto na disposición derradeira primeira, é claramente respectuosa coa doutrina do Tribunal Constitucional, que se contén na sentenza do 23 de xullo de 1998, en canto á reserva de lei orgánica, e no que se refire ó sistema de distribución competencial que se desprende da Constitución e dos estatutos de autonomía. Por isto, tamén se tivo en conta

a lexislación autonómica existente en materia de asociacións.

O rango de lei orgánica, ex artigo 81.1 da Constitución, alcanza, nos termos do número 1 da disposición derradeira primeira, os preceptos da lei considerados como elementos esenciais do contido do dereito de asociación, que se manifesta en catro dimensións: na liberdade de creación de asociacións e de adscrición ás xa creadas; na liberdade de non asociarse e de deixar de pertencer a elas; na liberdade de organización e funcionamento internos sen inxerencias exteriores; e nun conxunto de facultades dos asociados considerados individualmente fronte ás asociacións ás que pertencen.

O artigo 149.1.1.^a da Constitución habilita o Estado para regular e garanti-lo contido primario, as facultades elementais e os límites esenciais naquilo que sexa necesario para garanti-la igualdade de tódolos españois, e esta lei concreta a dita habilitación, no exercicio do dereito de asociación, nos aspectos relativos á definición do concepto legal de asociación, así como no réxime xurídico externo das asociacións, aspectos todos eles que requiren un tratamento uniforme.

O segundo dos títulos competenciais que se manifesta na lei é o previsto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, en canto se refire á lexislación procesual e que responde á necesidade de salvagarda-la uniformidade dos instrumentos xurisdiccionais.

A definición e réxime das asociacións declaradas de utilidade pública estatal ten como finalidade estimular a participación das asociacións na realización de actividades de interese xeral, e por iso dítase ó abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución.

As restantes normas da lei son só de aplicación ás asociacións de competencia estatal, competencia que alcanzará a todas aquelas asociacións para as cales as comunidades autónomas non posúan competencias exclusivas e, se é o caso, ás asociacións estranxeiras.

En definitiva, con esta lei preténdese supera-la vixente normativa preconstitucional, tomando como criterios fundamentais a estrutura democrática das asociacións e a súa ausencia de fins lucrativos, así como garanti-la participación das persoas nestas, e a propia participación das asociacións na vida social e política, desde un espírito de liberdade e pluralismo, recoñecendo, á súa vez, a importancia das funcións que cumpren como axentes sociais de cambio e transformación social, de acordo co principio de subsidiariedade.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta lei orgánica ten por obxecto desenvolver-lo dereito de asociación recoñecido no artigo 22 da Constitución e establecer aquelas normas de réxime xurídico das asociacións que lle corresponde dictar ó Estado.

2. O dereito de asociación rexerese con carácter xeral polo disposto nesta lei orgánica, e dentro do seu ámbito de aplicación inclúense tódalas asociacións que non teñan fin de lucro e que non estean sometidas a un réxime asociativo específico.

3. Rexeranse pola súa lexislación específica os partidos políticos; os sindicatos e as organizacións empresariais; as igrexas, confesións e comunidades relixiosas; as federacións deportivas; as asociacións de consumidores e usuarios; así como calquera outra regulada por leis especiais.

As asociacións constituídas para fins exclusivamente relixiosas polas igrexas, confesións e comunidades relixiosas rexeranse polo disposto nos tratados interna-

cionais e nas leis específicas, sen prexuízo da aplicación supletoria das disposicións desta lei orgánica.

4. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta lei as comunidades de bens e propietarios e as entidades que se rexan polas disposicións relativas ó contrato de sociedade, cooperativas e mutualidades, así como as unións temporais de empresas e as agrupacións de interese económico.

Artigo 2. *Contido e principios.*

1. Tódalas persoas teñen dereito a se asociaren libremente para a consecución de fins lícitos.

2. O dereito de asociación comprende a liberdade de asociarse ou crear asociacións, sen necesidade de autorización previa.

3. Ninguén pode ser obrigado a constituír unha asociación, a integrarse nela ou a permanecer no seu seo, nin a declara-la súa pertenza a unha asociación legalmente constituída.

4. A constitución de asociacións e o establecemento da súa organización e funcionamento levaranse a cabo dentro do marco da Constitución, desta lei orgánica e do resto do ordenamento xurídico.

5. A organización interna e o funcionamento das asociacións deben ser democráticos, con pleno respecto ó pluralismo. Serán nulos de pleno dereito os pactos, as disposicións estatutarias e os acordos que descoñezan calquera dos aspectos do dereito fundamental de asociación.

6. As entidades públicas poderán exercer-lo dereito de asociación entre si, ou con particulares, como medida de fomento e apoio, sempre que o fagan en igualdade de condicións con estes, co obxecto de evitar unha posición de dominio no funcionamento da asociación.

7. As asociacións que persigan fins ou utilicen medios tipificados como delicto son ilegais.

8. Prohíbense as asociacións secretas e as de carácter paramilitar.

9. A condición de membro dunha determinada asociación non pode ser, en ningún caso, motivo de favor, de vantaxe ou de discriminación a ningunha persoa por parte dos poderes públicos.

Artigo 3. *Capacidade.*

Poderán constituír asociacións, e formar parte delas, as persoas físicas e as persoas xurídicas, sexan estas públicas ou privadas, de acordo cos seguintes principios:

a) As persoas físicas necesitan te-la capacidade de obrar e non estar suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito.

b) Os menores non emancipados de máis de catorce anos co consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban supli-la súa capacidade, sen prexuízo do réxime previsto para as asociacións infantís, xuvenís ou de alumnos no artigo 7.2 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor.

c) Os membros das Forzas Armadas ou dos institutos armados de natureza militar deberán observa-lo que dispoñan as reais ordenanzas para as Forzas Armadas e o resto das súas normas específicas para o exercicio do dereito de asociación.

d) Os xuíces, maxistrados e fiscais deberán observa-lo que dispoñan as súas normas específicas para o exercicio do dereito de asociación no que se refire a asociacións profesionais.

e) As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán o acordo expreso do seu órgano competente, e

as de natureza institucional, o acordo do seu órgano rector.

f) As asociacións poderán constituír federacións, confederacións ou unións, logo do cumprimento dos requisitos esixidos para a constitución de asociacións, con acordo expreso dos seus órganos competentes.

g) As persoas xurídico-públicas serán titulares do dereito de asociación nos termos do artigo 2.6 desta lei, salvo que establezan o contrario as súas normas constitutivas e reguladoras e, en todo caso, o exercicio daquel deberá aterse ó seu teor.

Artigo 4. *Relacións coa Administración.*

1. Os poderes públicos, no ámbito das súas respectivas competencias, fomentarán a constitución e o desenvolvemento das asociacións que realicen actividades de interese xeral.

2. A Administración non poderá adoptar medidas preventivas ou suspensivas que interfiran na vida interna das asociacións.

3. O outorgamento de axudas ou subvencións públicas e, de se-lo caso, o recoñecemento doutros beneficios legal ou regulamentariamente previstos, estará condicionado ó cumprimento dos requisitos establecidos en cada caso.

4. A Administración competente ofrecerá o asesoramento e a información técnica de que dispoña, cando sexa solicitada, por quen acometa proxectos asociativos de interese xeral.

5. Os poderes públicos non lles facilitarán ningún tipo de axuda ás asociacións que no seu proceso de admisión ou no seu funcionamento discriminen por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

6. Os poderes públicos non facilitarán ningunha axuda, económica ou de calquera outro tipo, a aquelas asociacións que coa súa actividade promovan ou xustifiquen o odio ou a violencia contra persoas físicas ou xurídicas, ou enaltezan ou xustifiquen, por calquera medio, os delitos de terrorismo ou de quen participase na súa execución, ou a realización de actos que entrañen descrédito, menosprezo ou humillación das vítimas dos delitos terroristas ou dos seus familiares.

Considerarase, para estes efectos, que unha asociación realiza as actividades previstas no parágrafo anterior, cando algún dos integrantes dos seus órganos de representación, ou calquera outro membro activo, fose condenado por sentenza firme por pertenza, actuación ó servizo ou colaboración con banda armada mentres non cumprise completamente a condena, se non rexeitase publicamente os fins e os medios da organización terrorista á que pertenceu ou coa que colaborou ou apoiou ou exaltou.

Así mesmo, considerarase actividade da asociación calquera actuación realizada polos membros dos seus órganos de goberno e de representación, ou calquera outro membro activo, cando actuasen en nome, por conta ou en representación da asociación, aínda que non constituía o fin ou a actividade da asociación nos termos descritos nos seus estatutos.

O disposto neste número enténdese sen prexuízo do establecido na lexislación penal e no artigo 30.4 desta lei.

CAPÍTULO II

Constitución das asociacións

Artigo 5. *Acordo de constitución.*

1. As asociacións constitúense mediante acordo de tres ou máis persoas físicas ou xurídicas legalmente cons-

tituídas, que se comprometen a poñer en común coñecementos, medios e actividades para conseguir unhas finalidades lícitas, comúns, de interese xeral ou particular, e se dotan dos estatutos que rexen o funcionamento da asociación.

2. O acordo de constitución, que incluírá a aprobación dos estatutos, deberá formalizarse mediante acta fundacional, en documento público ou privado. Co outorgamento da acta adquirirá a asociación a súa personalidade xurídica e a plena capacidade de obrar, sen prexuízo da necesidade da súa inscrición para os efectos do artigo 10.

3. O establecido neste artigo aplicarase tamén para a constitución de federacións, confederacións e unións de asociacións.

Artigo 6. *Acta fundacional.*

1. A acta fundacional debe conter:

a) O nome e os apelidos dos promotores da asociación se son persoas físicas, a denominación ou razón social se son persoas xurídicas, e, en ámbolos casos, a nacionalidade e o domicilio.

b) A vontade dos promotores de constituír unha asociación, os pactos que, de se-lo caso, establececen e a denominación desta.

c) Os estatutos aprobados que rexerán o funcionamento da asociación, o contido dos cales se axustará ás prescricións do artigo seguinte.

d) O lugar e a data de outorgamento da acta, e a sinatura dos promotores, ou dos seus representantes no caso de persoas xurídicas.

e) A designación dos integrantes dos órganos provisionais de goberno.

2. Á acta fundacional deberáselle xuntar, para o caso de persoas xurídicas, unha certificación do acordo validamente adoptado polo órgano competente, no que apareza a vontade de constituí-la asociación e formar parte dela e a designación da persoa física que a representará; e, no caso das persoas físicas, a acreditación da súa identidade. Cando os outorgantes da acta actúen a través de representante, xuntaráselle a esta a acreditación da súa identidade.

Artigo 7. *Estatutos.*

1. Os estatutos deberán conte-los seguintes extremos:

a) A denominación.

b) O domicilio, así como o ámbito territorial en que deba realizar principalmente as súas actividades.

c) A duración, cando a asociación non se constituía por tempo indefinido.

d) Os fins e actividades da asociación, descritos de forma precisa.

e) Os requisitos e modalidades de admisión e baixa, sanción e separación dos asociados e, de se-lo caso, as clases destes. Poderán incluír tamén as consecuencias do non pagamento das cotas por parte dos asociados.

f) Os dereitos e as obrigas dos asociados e, de se-lo caso, de cada unha das súas distintas modalidades.

g) Os criterios que garantan o funcionamento democrático da asociación.

h) Os órganos de goberno e representación, a súa composición, regras e procedementos para a elección e substitución dos seus membros, as súas atribucións, duración dos cargos, causas do seu cesamento, a forma de deliberar, adoptar e executa-los seus acordos e as persoas ou cargos con facultade para certificarlos e requisitos para que os citados órganos queden validamente

constituídos, así como a cantidade de asociados necesaria para poder convocar sesións dos órganos de goberno ou de propor asuntos na orde do día.

i) O réxime de administración, contabilidade e documentación, así como a data de cerramento do exercicio asociativo.

j) O patrimonio inicial e os recursos económicos dos que se poderá facer uso.

k) Causas de disolución e destino do patrimonio en tal suposto, que non poderá desvirtu-lo carácter non lucrativo da entidade.

2. Os estatutos tamén poderán conter calquera outra disposición e condición lícita que os promotores consideren conveniente, sempre que non se opoñan ás leis nin contradigan os principios configuradores da asociación.

3. O contido dos estatutos non poderá ser contrario ó ordenamento xurídico.

Artigo 8. *Denominación.*

1. A denominación das asociacións non poderá incluír termo ou expresión que induza a erro ou confusión sobre a súa propia identidade, ou sobre a súa clase ou natureza, en especial, mediante a adopción de palabras, conceptos ou símbolos, acrónimos e similares propios de persoas xurídicas diferentes, sexan ou non de natureza asociativa.

2. Non serán admisibles as denominacións que inclúan expresións contrarias ás leis ou que poidan supor vulneración dos dereitos fundamentais das persoas.

3. Tampouco poderá coincidir, ou asemellarse de maneira que poida crear confusión, con ningunha outra previamente inscrita no rexistro no que proceda a súa inscrición, nin con calquera outra persoa xurídica pública ou privada, nin con entidades preexistentes, sexan ou non de nacionalidade española, nin con persoas físicas, salvo co consentimento expreso do interesado ou dos seus sucesores, nin cunha marca rexistrada notoria, salvo que o solicite o seu titular ou co seu consentimento.

Artigo 9. *Domicilio.*

1. As asociacións que se constituán de acordo con esta lei terán o seu domicilio en España, no lugar que establezan os seus estatutos, que poderá se-lo da sede do seu órgano de representación, ou ben aquel onde desenvolve principalmente as súas actividades.

2. Deberán ter domicilio en España, as asociacións que desenvolvan actividades principalmente dentro do seu territorio.

3. Sen prexuízo do que dispoña o ordenamento comunitario, as asociacións extranxeiras, para poderen exercer actividades en España, de forma estable ou duradeira, deberán establecer unha delegación en territorio español.

Artigo 10. *Inscrición no rexistro.*

1. As asociacións reguladas nesta lei deberán inscribirse no correspondente rexistro, para os únicos efectos de publicidade.

2. A inscrición rexistral fai pública a constitución e os estatutos das asociacións e é garantía, tanto para os terceiros que con elas se relacionan, como para os seus propios membros.

3. Os promotores realizarán as actuacións que sexan precisas, para efectos da inscrición, respondendo en caso contrario das consecuencias da falta desta.

4. Sen prexuízo da responsabilidade da propia asociación, os promotores de asociacións non inscritas res-

ponderán, persoal e solidariamente, das obrigas contraídas con terceiros. En tal caso, os asociados responderán solidariamente polas obrigas contraídas por calquera deles fronte a terceiros, sempre que manifesten actuar en nome da asociación.

CAPÍTULO III

Funcionamento das asociacións

Artigo 11. *Réxime das asociacións.*

1. O réxime das asociacións, no que se refire á súa constitución e inscrición, determinarase polo establecido nesta lei orgánica e nas disposicións regulamentarias que se dicten no seu desenvolvemento.

2. En canto ó seu réxime interno, as asociacións deberán axusta-lo seu funcionamento ó establecido nos seus propios estatutos, sempre que non estean en contradición coas normas desta lei orgánica e coas disposicións regulamentarias que se dicten para a súa aplicación.

3. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación, integrado polos asociados, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna e deberá reunirse, polo menos, unha vez ó ano.

4. Existirá un órgano de representación que xestione e represente os intereses da asociación, de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral. Só poderán formar parte do órgano de representación os asociados.

Para ser membro dos órganos de representación dunha asociación, sen prexuízo do que establezan os seus respectivos estatutos, serán requisitos indispensables: ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

5. No caso de que os membros dos órganos de representación poidan recibir retribucións en función do cargo, deberán constar nos estatutos e nas contas anuais aprobadas en asemblea.

Artigo 12. *Réxime interno.*

Se os estatutos non o dispoñen doutro modo, o réxime interno das asociacións será o seguinte:

a) As facultades do órgano de representación estenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, conforme os estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

b) Sen prexuízo do disposto no artigo 11.3, a Asemblea Xeral convocará o órgano de representación, con carácter extraordinario, cando o solicite un número de asociados non inferior ó 10 por 100.

c) A Asemblea Xeral constituirase validamente, logo de convocatoria efectuada quince días antes da reunión, cando concorran a ela, presentes ou representados, un tercio dos asociados; e o seu presidente e o seu secretario serán designados ó inicio da reunión.

d) Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen os negativos. Non obstante, requirirán maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, os acordos relativos a disolución da asociación, modificación dos estatutos, disposición ou alleamento de bens e remuneración dos membros do órgano de representación.

Artigo 13. *Réxime de actividades.*

1. As asociacións deberán realiza-las actividades necesarias para o cumprimento dos seus fins, aínda que deberán observa-la lexislación específica que regule tales actividades.

2. Os beneficios obtidos polas asociacións, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse, exclusivamente, ó cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso o seu reparto entre os asociados nin entre os seus cónxuxes ou persoas que convivan con aqueles con análoga relación de afectividade, nin entre os seus parentes, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Artigo 14. *Obrigas documentais e contables.*

1. As asociacións deben dispor dunha relación actualizada dos seus asociados, levar unha contabilidade que permita obte-la imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades realizadas, efectuar un inventario dos seus bens e recoller nun libro as actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación. Deberán leva-la súa contabilidade conforme as normas específicas que lles resulten de aplicación.

2. Os asociados poderán acceder a toda a documentación- que se relaciona no número anterior, a través dos órganos de representación, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. As contas da asociación aprobaraas anualmente a Asemblea Xeral.

Artigo 15. *Responsabilidade das asociacións inscritas.*

1. As asociacións inscritas responden das súas obrigas con tódolos seus bens presentes e futuros.

2. Os asociados non responden persoalmente das débedas da asociación.

3. Os membros ou titulares dos órganos de goberno e representación, e as demais persoas que obren en nome e representación da asociación, responderán ante esta, ante os asociados e ante terceiros polos danos causados e polas débedas contraídas por actos dolosos, culposos ou negligentes.

4. As persoas a que se refire o número anterior responderán civil e administrativamente polos actos e polas omisións realizados no exercicio das súas funcións, e polos acordos que votasen, fronte a terceiros, á asociación e ós asociados.

5. Cando a responsabilidade non poida ser imputada a ningún membro ou titular dos órganos de goberno e representación, responderán todos solidariamente polos actos e polas omisións a que se refiren os números 3 e 4 deste artigo, a non ser que poidan acreditar que non participaron na súa aprobación e execución ou que expresamente se opuxeron a elas.

6. A responsabilidade penal rexeráse polo establecido nas leis penais.

Artigo 16. *Modificación dos estatutos.*

1. A modificación dos estatutos que afecte o contido previsto no artigo 7 requirirá acordo adoptado pola Asemblea Xeral convocada especificamente con tal obxecto, deberá ser obxecto de inscrición no prazo dun mes e só producirá efectos, tanto para os asociados como para os terceiros, desde que se procedese á súa inscrición no rexistro de asociacións correspondente,

rexendo para a esta o sentido do silencio previsto no artigo 30.1 desta lei.

As restantes modificacións producirán efectos para os asociados desde o momento da súa adopción conxunto os procedementos estatutarios, mentres que para os terceiros será necesaria, ademais, a inscrición no rexistro correspondente.

2. A inscrición das modificacións estatutarias axustarase ós mesmos requisitos que a inscrición dos estatutos.

Artigo 17. *Disolución.*

1. As asociacións disolveranse polas causas previstas nos estatutos e, no seu defecto, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral convocada para o efecto, así como polas causas determinadas no artigo 39 do Código civil e por sentenza xudicial firme.

2. En tódolos supostos de disolución deberáse dar ó patrimonio o destino previsto nos estatutos.

Artigo 18. *Liquidación da asociación.*

1. A disolución da asociación abre o período de liquidación, ata a fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.

2. Os membros do órgano de representación no momento da disolución convértese en liquidadores, salvo que os estatutos establezan outra cosa ou ben os designe a Asemblea Xeral ou o xuíz que, de se-lo caso, acorde a disolución.

3. Correspóndelles ós liquidadores:

- a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
- b) Concluí-las operacións pendentes e efectua-las novas, que sexan precisas para a liquidación.
- c) Cobra-los créditos da asociación.
- d) Liquidalo patrimonio e pagarlles ós acredores.
- e) Aplica-los bens sobrantes da asociación ós fins previstos polos estatutos.
- f) Solicita-la cancelación dos asentos no rexistro.

4. En caso de insolvencia da asociación, o órgano de representación ou, se é o caso, os liquidadores deben promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal ante o xuíz competente.

CAPÍTULO IV

Asociados

Artigo 19. *Dereito a asociarse.*

A integración nunha asociación constituída é libre e voluntaria, debendo axustarse ó establecido nos estatutos.

Artigo 20. *Sucesión na condición de asociado.*

A condición de asociado é intransmisible, salvo que os estatutos dispoñan outra cousa, por causa de morte ou a título gratuito.

Artigo 21. *Dereitos dos asociados.*

Todo asociado posúe os seguintes dereitos:

- a) A participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, a exerce-lo dereito

de voto, así como a asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.

b) A ser informado acerca da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.

c) A ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, de se-lo caso, impoña a sanción.

d) A impugna-los acordos dos órganos da asociación que considere contrarios á lei ou ós estatutos.

Artigo 22. *Deberes dos asociados.*

Son deberes dos asociados:

a) Comparti-las finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.

b) Paga-las cotas, derramas e outras contribucións que, conforme os estatutos, lle poidan corresponder a cada socio.

c) Cumpri-lo resto de obrigas que resulten das disposicións estatutarias.

d) Acatar e cumpri-los acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.

Artigo 23. *Separación voluntaria.*

1. Os asociados teñen dereito a separarse voluntariamente da asociación en calquera tempo.

2. Os estatutos poderán establecer que, en caso de separación voluntaria dun asociado, este poida percibi-la participación patrimonial inicial ou outras contribucións económicas realizadas, sen incluí-las cotas de pertenza á asociación que aboase, coas condicións, alcances e límites que se fixen nos estatutos. Isto enténdese sempre que a redución patrimonial non implique prexuízos a terceiros.

CAPÍTULO V

Rexistros de asociacións

Artigo 24. *Dereito de inscrición.*

O dereito de asociación inclúe o dereito á inscrición no rexistro de asociacións competente, que só poderá denegarse cando non se reúnan os requisitos establecidos nesta lei orgánica.

Artigo 25. *Rexistro Nacional de Asociacións.*

1. O Rexistro Nacional de Asociacións, a dependencia orgánica do cal se determinará regulamentariamente, terá por obxecto a inscrición das asociacións, e demais actos inscribibles conforme o artigo 28, relativos a:

a) Asociacións, federacións, confederacións e unións de asociacións de ámbito estatal e todas aquelas que non desenvolvan principalmente as súas funcións no ámbito territorial dunha Comunidade Autónoma.

b) Asociacións estranxeiras que desenvolvan actividades en España, de forma estable ou duradeira, que deberán establecer unha delegación en territorio español. Cando o ámbito de actividade da asociación estranxeira sexa principalmente o dunha ou varias comunidades autónomas, o Rexistro Nacional comunicará a inscrición ás referidas comunidades autónomas.

2. No Rexistro Nacional de Asociacións, ademais das inscricións a que se refire o número 1, existirá constancia, mediante comunicación da Administración competente, dos asentos de inscrición e disolución das asociacións, dos que a inscrición ou depósito de estatutos en rexistros especiais sexa legalmente obrigatorio.

3. O Rexistro Nacional de Asociacións levará un ficheiro de denominacións, para evita-la duplicidade ou semellanza destas, que poida inducir a erro ou confusión coa identificación de entidades ou organismos preexistentes, incluídos os relixiosos inscritos no seu correspondente rexistro.

4. Regulamentariamente determinarase a estrutura e funcionamento do Rexistro Nacional de Asociacións.

Artigo 26. *Rexistros autonómicos de asociacións.*

1. En cada Comunidade Autónoma existirá un Rexistro Autonómico de Asociacións, que terá por obxecto a inscrición das asociacións que desenvolvan principalmente as súas funcións no ámbito territorial daquelas.

2. En todo caso, os rexistros comprendidos neste artigo deberánlle comunicar ó Rexistro Nacional de Asociacións os asentos de inscrición e a disolución das asociacións de ámbito autonómico.

Artigo 27. *Cooperación e colaboración entre rexistros.*

Estableceranse os mecanismos de cooperación e colaboración procedentes entre os diferentes rexistros de asociacións.

Artigo 28. *Actos inscribibles e depósito de documentación.*

1. A inscrición das asociacións deberá conte-los asentos e as súas modificacións relativos a:

- a) A denominación.
- b) O domicilio.
- c) Os fins e as actividades estatutarias.
- d) O ámbito territorial de actuación.
- e) A identidade dos titulares dos órganos de goberno e representación.
- f) A apertura e o peche de delegacións ou establecementos da entidade.
- g) A data de constitución e a de inscrición.
- h) A declaración e a revogación da condición de utilidade pública.
- i) As asociacións que constitúen ou integran federacións, confederacións e unións.
- j) A pertenza a outras asociacións, federacións, confederacións e unións ou entidades internacionais.
- k) A baixa, suspensión ou disolución da asociación, e as súas causas.

2. Estará depositada nos rexistros de asociacións a documentación seguinte, orixinal ou a través dos correspondentes certificados:

- a) A acta fundacional e aquelas en que consten acordos que modifiquen os extremos rexistrados ou pretendan introducir novos datos no rexistro.
- b) Os estatutos e as súas modificacións.
- c) A relativa á apertura, traslado ou clausura de delegacións ou establecementos.
- d) A referente á incorporación ou baixa de asociacións en federacións, confederacións e unións; e, no rexistro en que estas se encontren inscritas, a relativa á baixa ou incorporación de asociacións.
- e) A que se refira á disolución e ó destino dado ó patrimonio remanente como consecuencia da disolución da entidade.

3. As asociacións estranxeiras, validamente constituídas conforme a súa lei persoal e esta lei, deberán inscribi-los datos a que se refiren as letras a), b), c), d), e) e f) do número 1, e ademais o cesamento das súas actividades en España; e deposita-los documentos a que se refiren as letras b), c) e e) do número 2, ademais de xustificación documental de que se encontran validamente constituídas.

4. Calquera alteración substancial dos datos ou da documentación que conste no rexistro deberá ser obxecto de actualización, logo de solicitude da asociación correspondente, no prazo dun mes desde que esta se produza.

Artigo 29. *Publicidade.*

1. Os rexistros de asociacións son públicos.

2. A publicidade farase efectiva mediante certificación do contido dos asentos, por nota simple informativa ou por copia dos asentos e dos documentos depositados nos rexistros ou por medios informáticos ou telemáticos que se axustará ós requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 30. *Réxime xurídico da inscrición.*

1. O prazo de inscrición no correspondente rexistro será, en todo caso, de tres meses desde a recepción da solicitude no órgano competente.

Transcorrido o prazo de inscrición sinalado no parágrafo anterior sen que se notificase resolución expresa, poderase entender estimada a solicitude de inscrición.

A Administración procederá á inscrición, limitando a súa actividade á verificación do cumprimento dos requisitos que deben reuni-la acta fundacional e os estatutos.

2. Cando se advirtan defectos formais na solicitude ou na documentación que se lle xunta, ou cando a denominación coincida con outra inscrita ou poida inducir a erro ou confusión con ela, ou cando a denominación coincida cunha marca rexistrada notoria salvo que o solicite o seu titular ou co seu consentimento, suspenderase o prazo para proceder á inscrición e abrirose o correspondente para a corrección dos defectos advertidos.

3. Cando a entidade solicitante non se encontre incluída no ámbito de aplicación desta lei ou non teña natureza de asociación, a Administración, logo de audiencia desta, denegará a súa inscrición no correspondente rexistro de asociacións e indicarlle ó solicitante cal é o rexistro ou órgano administrativo competente para inscribila. A denegación será sempre motivada.

4. Cando se encontren indicios racionais de ilicitude penal na constitución da entidade asociativa, o órgano competente dictará resolución motivada, dándoselle traslado de toda a documentación ó Ministerio Fiscal ou ó órgano xurisdiccional competente, e comunicándolle esta circunstancia á entidade interesada, quedando suspendido o procedemento administrativo ata que recaia resolución xudicial firme.

Cando se encontren indicios racionais de ilicitude penal na actividade da entidade asociativa, o órgano competente dictará resolución motivada, dándolle traslado de toda a documentación ó Ministerio Fiscal ou ó órgano xurisdiccional competente, e comunicándolle esta circunstancia á entidade interesada.

5. Nos supostos dos números 2 e 3 deste artigo poderán interporse os recursos procedentes ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, e no suposto do número 4 ante a orde xurisdiccional penal.

CAPÍTULO VI

Medidas de fomento

Artigo 31. *Medidas de fomento.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, promoverán e facilitarán o desenvolvemento das asociacións e federacións, confederacións e unións que persigan finalidades de interese xeral, respectando sempre a liberdade e autonomía fronte ós poderes públicos. Así mesmo, as administracións públicas ofreceránlle-la colaboración necesaria ás persoas que pretendan emprender calquera proxecto asociativo.

2. A Administración xeral do Estado, no ámbito da súa competencia, fomentará o establecemento de mecanismos de asistencia, servicios de información e campañas de divulgación e recoñecemento das actividades das asociacións que persigan obxectivos de interese xeral.

3. As asociacións que persigan obxectivos de interese xeral poderán desfrutar, nos termos e co alcance que establezan o ministerio ou ministerios competentes, de axudas e subvencións atendendo a actividades asociativas concretas.

As subvencións públicas concedidas para o desenvolvemento de determinadas actividades e proxectos só poderán destinarse a ese fin e estarán suxeitas á normativa xeral de subvencións públicas.

4. Non beneficiarán ás entidades asociativas non inscritas as garantías e dereitos regulados neste artigo.

5. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, poderán establecer coas asociacións que persigan obxectivos de interese xeral, convenios de colaboración en programas de interese social.

Artigo 32. *Asociacións de utilidade pública.*

1. Por iniciativa das correspondentes asociacións, poderán ser declaradas de utilidade pública aquelas asociacións nas que concorran os seguintes requisitos:

a) Que os seus fins estatutarios tendan a promoverlo interese xeral, nos termos definidos polo artigo 31.3 desta lei, e sexan de carácter cívico, educativo, científico, cultural, deportivo, sanitario, de promoción dos valores constitucionais, de promoción dos dereitos humanos, de asistencia social, de cooperación para o desenvolvemento, de promoción da muller, de protección da infancia, de fomento da igualdade de oportunidades e da tolerancia, de defensa do ambiente, de fomento da economía social ou da investigación, de promoción do voluntariado social, de defensa de consumidores e usuarios, de promoción e atención ás persoas en risco de exclusión por razóns físicas, sociais, económicas ou culturais, e calquera outro de similar natureza.

b) Que a súa actividade non estea restrinxida exclusivamente a beneficia-los seus asociados, senón aberta a calquera outro posible beneficiario que reúna as condicións e caracteres esixidos pola índole dos seus propios fins.

c) Que os membros dos órganos de representación que perciban retribucións non o fagan con cargo a fondos e subvencións públicas.

Malia o disposto no parágrafo anterior, e nos termos e condicións que se determinen nos estatutos, estes poderán recibir unha retribución adecuada pola realización de servicios diferentes ás funcións que lles corresponden como membros do órgano de representación.

d) Que contén cos medios persoais e materiais adecuados e coa organización idónea para garanti-lo cumprimento dos fins estatutarios.

e) Que se encontren constituídas, inscritas no rexistro correspondente, en funcionamento e dando cumprimento efectivo ós seus fins estatutarios, ininterrompidamente e concorrendo tódolos precedentes requisitos, polo menos durante os dous anos inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.

2. As federacións, confederacións e unións de entidades incluídas nesta lei poderán ser declaradas de utilidade pública, sempre que os requisitos previstos no número anterior os cumpran, tanto as propias federacións, confederacións e unións, como cada unha das entidades integradas nelas.

Artigo 33. *Dereitos das asociacións de utilidade pública.*

As asociacións declaradas de utilidade pública terán os seguintes dereitos:

- a) Usa-la mención «Declarada de utilidade pública» en toda clase de documentos, a continuación da súa denominación.
- b) Desfrutar das exencións e beneficios fiscais que as leis recoñezan a favor delas, nos termos e condicións previstos na normativa vixente.
- c) Desfrutar de beneficios económicos que as leis establezan a favor delas.
- d) Asistencia xurídica gratuíta nos termos previstos na lexislación específica.

Artigo 34. *Obrigas das asociacións de utilidade pública.*

1. As asociacións de utilidade pública deberán rendelas contas anuais do exercicio anterior no prazo dos seis meses seguintes á súa finalización, e presentar unha memoria descritiva das actividades realizadas durante este ante o organismo encargado de verifica-la súa constitución e de efectua-la súa inscrición no rexistro correspondente, no que quedarán depositadas. Estas contas anuais deben expresa-la imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da situación financeira, así como a orixe, a contía, o destino e a aplicación dos ingresos públicos percibidos.

Regulamentariamente determinarase en qué circunstancias se deberán someter a auditoría as contas anuais.

2. Así mesmo, deberanlles facilitar ás administracións públicas os informes que estas lles requiran, en relación coas actividades realizadas en cumprimento dos seus fins.

Artigo 35. *Procedemento de declaración de utilidade pública.*

1. A declaración de utilidade pública levarase a cabo en virtude de orde do ministro que se determine regulamentariamente, logo do informe favorable das administracións públicas competentes en razón dos fins estatutarios e das actividades da asociación, e, en todo caso, do Ministerio de Facenda.

2. A declaración será revogada, logo de audiencia da asociación afectada e informe das administracións públicas competentes, por orde do ministro que se determine regulamentariamente, cando as circunstancias ou a actividade da asociación non respondan ás esixencias ou ós requisitos fixados no artigo 32, ou os responsables da súa xestión incumpran o previsto no artigo anterior.

3. O procedemento de declaración e revogación determinarase regulamentariamente. O vencemento do prazo de resolución no procedemento de declaración, sen que se adoptase resolución expresa, terá efectos desestimatorios.

4. A declaración e revogación de utilidade pública publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 36. *Outros beneficios.*

O disposto neste capítulo enténdese sen prexuízo da competencia das comunidades autónomas para a declaración de utilidade pública, para efectos de aplicar os beneficios establecidos nos seus respectivos ordenamentos xurídicos, ás asociacións que principalmente desenvolvan as súas funcións no seu ámbito territorial, conforme o procedemento que as propias comunidades autónomas determinen e con respecto ó seu propio ámbito de competencias.

CAPÍTULO VII

Garantías xurisdiccionais

Artigo 37. *Tutela xudicial.*

O dereito de asociación regulado nesta lei orgánica será tutelado polos procedementos especiais para a protección dos dereitos fundamentais da persoa, correspondentes en cada orde xurisdiccional e, de se-lo caso, polo procedemento de amparo constitucional ante o Tribunal Constitucional nos termos establecidos na súa lei orgánica.

Artigo 38. *Suspensión e disolución xudicial.*

1. Salvo os supostos de disolución por vontade dos asociados, as asociacións só poderán ser suspendidas nas súas actividades, ou disolvidas, por resolución motivada da autoridade xudicial competente.

2. A disolución das asociacións só poderá declararse nos seguintes casos:

- a) Cando teñan a condición de asociación ilícita, de acordo coas leis penais.
- b) Polas causas previstas en leis especiais ou nesta lei, ou cando se declare nula ou disolvida por aplicación da lexislación civil.

3. Nos procesos a que se refire o número anterior, o órgano xudicial competente, de oficio ou por instancia de parte, poderá acorda-la suspensión provisional da asociación ata que se dicte sentenza.

Artigo 39. *Orde xurisdiccional contencioso-administrativa.*

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será competente en tódalas cuestións que se susciten nos procedementos administrativos instruídos en aplicación desta lei orgánica, de conformidade coas regras establecidas na Lei orgánica do poder xudicial e na Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Artigo 40. *Orde xurisdiccional civil.*

1. A orde xurisdiccional civil será competente, nos termos establecidos na Lei orgánica do poder xudicial, en relación coas pretensións derivadas do tráfico xurídico privado das asociacións, e do seu funcionamento interno.

2. Os acordos e as actuacións das asociacións poderán ser impugnados por calquera asociado ou persoa que acredite un interese lexítimo, se os considerase contrarios ó ordenamento xurídico, polos trámites do xuízo que corresponda.

3. Os asociados poderán impugna-los acordos e as actuacións da asociación que consideren contrarios ós estatutos dentro do prazo de corenta días, a partir da súa data de adopción, instando a súa rectificación ou anulación e a suspensión preventiva de se-lo caso, ou acumulando ámbalas pretensións polos trámites establecidos na Lei de axuízamento civil.

4. Mentres se resolven as liortas de orde interna que poidan suscitarse nas asociacións, as solicitudes de constancia rexistral que se formulen sobre as cuestións controvertidas só darán lugar a anotacións provisionais.

Artigo 41. *Comunicacións.*

Os xuíces e tribunais ordenarán a inclusión nos correspondentes rexistros de asociacións das resolucións xudiciais que determinen:

- a) A inscrición das asociacións.
- b) A suspensión ou disolución das asociacións inscritas.
- c) A modificación de calquera dos extremos dos estatutos das asociacións inscritas.
- d) O peche de calquera dos seus establecementos.
- e) Calquera outra resolución que afecte a actos susceptibles de inscrición rexistral.

CAPÍTULO VIII

Consellos sectoriais de asociacións

Artigo 42. *Consellos sectoriais de asociacións.*

1. Co fin de asegura-la colaboración entre as administracións públicas e as asociacións, como canle de participación cidadá en asuntos públicos poderanse constituir consellos sectoriais de asociacións, como órganos de consulta, información e asesoramento en ámbitos concretos de actuación.

2. Os consellos sectoriais de asociacións estarán integrados por representantes das administracións públicas, das asociacións, e por outros membros que se designen polas súas especiais condicións de experiencia ou coñecemento, atendendo á distribución competencial concreta que en cada materia exista.

3. Regulamentariamente, e para cada sector concreto, determinarase a súa creación, composición, competencias, réxime de funcionamento e adscrición administrativa.

Disposición adicional primeira. *Declaración de utilidade pública de asociacións.*

1. As asociacións deportivas que cumpran o disposto no artigo 32 desta lei poderán ser declaradas de utilidade pública, sen prexuízo do establecido na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

2. Así mesmo, poderán ser declaradas de utilidade pública as demais asociacións rexidas por leis especiais, que cumpran o disposto no artigo 32 desta lei orgánica.

3. O procedemento para a declaración de utilidade pública das asociacións a que se refiren os números anteriores, e os seus dereitos e obrigas, serán os determinados nos artigos 33, 34 e 35 desta lei orgánica.

Disposición adicional segunda. *Procedementos de inscrición.*

Nos procedementos de inscrición de asociacións será de aplicación a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en tódalas cuestións non reguladas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

Disposición adicional terceira. *Resolución extraxudicial de conflitos.*

As administracións públicas fomentarán a creación e a utilización de mecanismos extraxudiciais de resolución de conflitos que se formulen no ámbito de actuación das asociacións.

Disposición adicional cuarta. *Colectas e subscricións públicas.*

Os promotores de colectas e subscricións públicas, actos benéficos e outras iniciativas análogas de carácter temporal, destinadas a recadar fondos para calquera finalidade lícita e determinada, responden, persoal e solidariamente, fronte ás persoas que contribúsen, da administración e do investimento das cantidades recadadas.

Disposición transitoria primeira. *Asociacións inscritas.*

1. As asociacións inscritas no correspondente rexistro con anterioridade á entrada en vigor desta lei orgánica estarán suxeitas a ela e conservarán a súa personalidade xurídica e a plenitude da súa capacidade, pero deberán adapta-los seus estatutos no prazo de dous anos.

2. Malia o anterior, as asociacións inscritas deberán declarar, no prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei orgánica, que se encontran en situación de actividade e funcionamento, notificándolle ó rexistro en que estean inscritas o enderezo do seu domicilio social, e a identidade dos compoñentes dos seus órganos de goberno e representación, así como a data de elección ou designación destes.

Disposición transitoria segunda. *Asociacións declaradas de utilidade pública.*

No prazo dun ano procederáse á publicación no «Boletín Oficial del Estado» da relación de asociacións declaradas de utilidade pública polo Estado, con anterioridade á entrada en vigor desta lei orgánica.

Disposición derogatoria única.

Queda derogada a Lei 191/1964, do 24 de decembro, reguladora das asociacións, e cantas disposicións se opoñan a esta lei orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Carácter da lei.*

1. Os artigos 1; 2 agás o número 6; 3 agás a letra g); 4.2, 5 e 6; 10.1; 19; 21; 23.1; 24; 29.1; 30.3 e 4; 37; 38; a disposición derogatoria única; e as disposicións derradeiras primeira, 1, segunda e cuarta teñen rango de lei orgánica, ó constituí-lo desenvolvemento do dereito fundamental de asociación, contido no artigo 22 da Constitución.

2. Os artigos 2.6; 3 g); 4.1 e 4; 5; 6; 7; 8; 9; 10.2, 3 e 4; 11; 13.2; 15; 17; 18.4; 22; 25.2; 26; 27; 28; 30.1, 2 e 5; a disposición adicional cuarta e a disposición transitoria primeira son de directa aplicación en todo o Estado, ó abeiro do previsto no artigo 149.1.1.^a da Constitución.

3. Os artigos 39, 40 e 41 constitúen lexislación procesal, dictada ó abeiro do artigo 149.1.6.^a da Constitución.

4. Os artigos 32 a 36, a disposición adicional primeira e a disposición transitoria segunda díctanse ó abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución, sen prexuízo dos réximes tributarios forais vixentes nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra.

5. Os restantes preceptos da lei serán de aplicación ás asociacións de ámbito estatal.

Disposición derradeira segunda. *Carácter supletorio.*

Excepto naqueles preceptos que teñen rango de lei orgánica, esta lei ten carácter supletorio respecto de calquera outra que regule tipos específicos de asociacións, ou que incidan no ámbito do dereito de asociación recoñecido no artigo 22 da Constitución, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor ós dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Palma de Mallorca, 22 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
en funcións,
MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

5857 *REAL DECRETO 286/2002, do 22 de marzo, polo que se regula a axuda á produción de aceite de oliva. («BOE» 73, do 26-3-2002.)*

O Regulamento 136/66/CEE do Consello, do 22 de setembro, polo que se establece unha organización común de mercados no sector das materias graxas, prevé, no seu artigo 5, a concesión dunha axuda á produción de aceite de oliva.

O Regulamento (CEE) 2261/84 do Consello, do 17 de xullo, establece as normas xerais relativas á concesión da axuda á produción de aceite de oliva e ás organizacións de produtores. As peculiaridades do control da axuda establécense no Regulamento (CEE) 2262/84 do Consello, do 17 de xullo, polo que se prevén as medidas especiais no sector do aceite de oliva, e no Regulamento (CEE) 27/85 da Comisión, do 4 de xaneiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación do Regulamento (CEE) 2262/84, polo que se prevén as medidas especiais no sector do aceite de oliva.

O Regulamento (CE) 1638/98 do Consello, do 20 de xullo, que modificou o Regulamento 136/66/CEE, introduciu cambios profundos na organización común de mercados das materias graxas. O Regulamento (CE) 1513/2001 modificou os regulamentos 136/66/CEE e 1638/98 no que respecta á prolongación do réxime de axudas. En adecuación á nova normativa comunitaria, procede dictar unha nova disposición que regule a axuda á produción.

O Regulamento (CEE) 2261/84 establece a obriga de presentar unha declaración de cultivo, polo que con-

vén precisar certas nocións e determina-los datos que deberá comunica-lo produtor. Consonte o artigo 14 do citado regulamento aplícase un réxime de control, polo que as solicitudes de axuda presentadas polos interesados deben incluí-los datos necesarios para a realización dos controis.

Estableceuse no artigo 4 do Regulamento (CE) 1638/98 a exclusión de calquera futuro réxime de axuda partir de novembro de 2001 das oliveiras plantadas despois do 1 de maio do 1998, con determinadas excepcións; así mesmo, establécese a reorientación dos traballos do Rexistro Oleícola cara á constitución, actualización e utilización dun sistema de información xeográfica que debe permitir comproba-los datos que figuran nas declaracións de cultivo.

O Regulamento (CE) 2366/98 da Comisión, do 30 de outubro, polo que se establecen disposicións de aplicación do réxime de axuda á produción de aceite de oliva para as campañas de comercialización 1998/1999 a 2003/2004 establece, entre outros aspectos, as condicións para a autorización de muíños de aceite que permitan garanti-la eficacia do réxime de controis, determinando as obrigas para os oleicultores, así como para as agrupacións de produtores e as súas unións.

O Real decreto 368/1999, do 5 de marzo, polo que se regula a axuda á produción de aceite de oliva para as campañas 1998-1999 a 2000-2001 tivo en consideración os regulamentos 1638/98 e 2366/98, que foron modificados polos regulamentos 1273/1999, 648/2001, 1513/2001 e 2070/2001, polo que procede substituí-lo Real decreto 368/1999 a partir da campaña oleícola 2001/2002 por este, que recolle as modificacións introducidas.

Sen prexuízo da aplicabilidade directa dos regulamentos comunitarios e para unha mellor comprensión por parte dos interesados, considérase conveniente reproducir parcialmente algúns aspectos da regulamentación comunitaria.

Este real decreto foi consultado en fase de proxecto cos sectores afectados e coas comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de marzo de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e definicións.*

1. Este real decreto establece os criterios básicos de aplicación do réxime de axuda á produción de aceite de oliva previsto no artigo 5 do Regulamento 136/66/CEE do Consello, do 22 de setembro, polo que se establece a organización común de mercados no sector das materias graxas, e no Regulamento (CE) 2366/98 da Comisión, do 30 de outubro, polo que se establecen disposicións de aplicación do réxime de axuda á produción de aceite de oliva para as campañas de comercialización 1998/1999 a 2003/2004, a partir da campaña 2001/2002.

2. Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) «Oliveira en produción»: a oliveira dunha especie clasificada como cultivada, implantada de forma permanente, calquera que sexa a súa idade e estado, podendo ter varios troncos distantes na base uns doutros menos de dous metros.

b) «Parcela oleícola»: superficie continua de terreo superior a 10 áreas que agrupe oliveiras en produción nun mesmo sistema de explotación, tódalas cales están a menos de 20 metros da oliveira máis próxima.